

# Normas de uso da Aula de Informática

## Normas xerais:

- O alumnado deberá ir e permanecer acompañado por un profesor/a.
- Ubicación do alumnado na aula de informática: os alumnos/as deberán utilizar o mesmo ordenador durante o curso, salvo que o profesor responsable autorice o cambio.
- O alumnado é responsable do estado do posto de traballo que emprega.
- Prohíbese a instalación e desinstalación de software así como a modificación da configuración dos equipos por parte dos usuarios, incluíndo fondos de escritorio e salvapantallas.
- Os arquivos que deixen os alumnos/as no disco duro deberán gardarse exclusivamente no cartafol “Documentos” e situados á súa vez noutro cartafol que identifique a materia e curso.
- As incidencias notificaranse ao equipo de dinamización TIC empregando o parte correspondente que se recollerá semanalmente. Neste parte reflectirase o día, hora, curso, grupo, profesor/a encargado/a do grupo e a natureza da incidencia. Por exemplo, non funciona un ordenador, impresora, teclado, rato, etc.; problemas de conexión; danos no material ou instalacións; calquera outra incidencia destacable.
- Ao rematar a clase o profesor/a deberá verificar o apagado de todos os equipos.

## Normas de adaptación ao contexto da COVID 19

- O alumnado entrará na aula de 1 en 1 deixando a distancia de seguridade de 1,5m.
- A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade.
- É obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas da aula.
- As ventás, portas, persianas, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- ANTES DE COMENZAR a clase e ANTES DE REMATAR A CLASE, cada usuario (tanto profesorado como alumnado) limpará a superficie do teclado, do rato e marco da pantalla con xel desinfectante. A pantalla TFT limparase cun produto de limpeza de pantallas. Por razóns de seguridade, SE DESCONECTARÁN PREVIAMENTE DA REDE ELÉCTRICA OS EQUIPOS accionando o interruptor da base de enchufes de cada equipo.
- Antes do cambio de aula ou do remate das clases, adicaranse uns minutos á desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante).
- O profesorado, no caso de cambio de aula, antes de rematar a clase procederá a limpeza cun produto desinfectante da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado na aula (mandos, borradores, etc.).
- Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.
- Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo

de polo menos 5 minutos (10 minutos cando a sala ou aula estivese ocupada previamente) ao inicio da xornada, ao finalizar e entre clases, sempre que sexa posible e coas medidas de prevención de accidentes necesarias. Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

José Barcia Díaz